

# TEMA 5

Nome: .....

Curso: .....

**1** Responde as seguintes preguntas:

Que é a materia? .....

Escribe dúas propiedades que teñan os materiais: .....

**2** Os materiais están feitos de materia. Contesta:

Que tipos de materiais existen? .....

Escribe o nome de dous materiais: .....

**3** Escribe debaixo de cada fotografía que material é e que propiedade pode ter.



.....  
.....

.....  
.....

.....  
.....

.....  
.....

**4** Indica tres accións que eviten a contaminación da auga:

.....  
.....  
.....

**5** Indica se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións:

- A cor é unha propiedade dos materiais.
- O papel e o cartón recíclanse no contedor de cor amarela.
- A materia pode cambiar de estado, de forma e de aspecto.
- Os materiais poden ser de orixe animal, artificial e tecnolóxica.

# TEMA 5

Nome: .....

Curso: .....



O profesor de tecnoloxía pediu na clase de Silvia e Xosé que escriban unha redacción sobre que materiais utilizarían para contruír unha casa.

Xosé pensa que teñen que ser materiais resistentes e Silvia cre que tamén teñen que ser illantes.

Despois deberán construír por parellas unha maqueta dunha casa utilizando só materiais reciclados.

**1** Silvia sabe que os materiais poden ser de dous tipos: naturais ou artificiais. Axúdaa a clasificar os seguintes materiais!

La, petróleo, vidro, madeira, plástico, algodón

Natural	Artificial
.....	.....
.....	.....
.....	.....

**2** Xosé preguntalle a Silvia se sabe cales son as propiedades da materia e como se miden. Sinala a resposta correcta:

- A A masa, o volume e a lonxitude.
- B A masa, que se mide coa balanza, e o volume.
- C A masa e o volume e mídense ambas coa balanza.
- D A masa, o volume e a densidade e mídense coa balanza.

**3** Silvia cre que hai que empregar un material resistente para construír a casa como, por exemplo, o formigón, pero Xosé pensa que é mellor a arxila.

Quen ten razón? .....

Por que? .....

.....

## TEMA 5

Nome: .....

Curso: .....



O profesor proponse agora que fagan unha listaxe con diversos obxectos que pode haber nunha casa.

Despois pídelle que pensen de que materiais están feitos e se estes materiais se poden reciclar.

Por último pídelle que pensen en accións que poden facer eles para reducir a contaminación e protexer o medio ambiente.

**4** Xosé quere facer un esquema cos diferentes materiais e os seus usos. Sinala a resposta correcta:

- A O vidro fábrícase a partir da area.
- B O papel fábrícase a partir do petróleo.
- C O plástico é un material natural co que se fabrican botellas.
- D A madeira é de orixe artificial e obtense das árbores.

**5** Xosé dille a Silvia que debería utilizar as dúas caras do papel cando escribe pero Silvia non está de acordo.

Quen ten razón? .....

Por que? .....

.....

**6** Silvia e Xosé pensaron nalgunhas accións persoais que poden evitar a contaminación do aire. Sinala a única resposta correcta:

- A Queimar os residuos de forma controlada.
- B Consumir tabaco en espazos abertos.
- C Controlar o estado dos coches.
- D Desprazarse en coche en vez de ir camiñando.

## TEMA 5

Nome: .....

Curso: .....



O profesor lévaos agora ao laboratorio de ciencias para que comprendan mediante experiencias os cambios físicos e químicos que se poden producir na materia.

Silvia e Xosé póñense xuntos e realizan os experimentos con coidado e seguindo as instrucións do profesor. Despois anotan todos os cambios que observan.

- 7** Silvia pregúntalle a Xosé se sabe que é unha mestura homoxénea. Xosé contéstalle que unha mestura homoxénea é aquela que:

.....

- 8** Silvia non ten claro en que se diferencian os cambios físicos dos cambios químicos e pídelles axuda a Xosé. Señala a única afirmación correcta:

- A A combustión é un cambio físico.
- B A fusión do xeo é un cambio físico.
- C A oxidación do ferro é un cambio físico.
- D A evaporación da auga é un cambio químico.

- 9** Xosé dille a Silvia que:

Os cambios físicos ocorren cando: .....

.....

Nos cambios químicos modifícase a: .....

- 10** Xosé quere separar unha mestura de auga e sal. Marca a única técnica de separación que pode utilizar:

- A Filtración: o filtro retén o sal e deixa pasar a auga.
- B Disolución: o sal disólvese na auga.
- C Decantación: sepárase o sal da auga inclinando o recipiente.
- D Evaporación: o disolvente, auga, evapórase e queda o sólido, o sal.